

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de XANEIRO de 2015**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que terá lugar o martes, 27 de xaneiro de 2015, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación das actas das sesións anteriores: ordinaria nº 12/2014, do 19 de decembro e extraordinaria, nº 13/2014, do 30 de decembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia da nº 25.401 á nº 26.584 do 2014 e da nº 1 á nº 750 do 2015.](#)

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

[3.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2015, 1ª fase.](#)

Comisión de Persoal e réxime interior

[4.-Alegacións formuladas contra o acordo plenario de aprobación do sistema de avaliación do desempeño e cumprimento dos obxectivos anuais asinados a cada unidade e traballador. Bases e criterios do complemento de produtividade.](#)

[5.-Alegacións formuladas contra o acordo plenario de aprobación da relación de postos de traballo 2015.](#)

[6.-Corrección de erros materiais na relación de postos de traballo 2015 desta Deputación.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[7.-Dar conta da resolución da Presidencia pola que se modifica a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña.](#)

[8.-Aprobación dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para a atención de visitantes ao dolmen de Dombate \(Cabana de Bergantiños\) e actividades culturais complementarias de posta valor do dolmen de Dombate e a Cultura Megalítica ano 2015.](#)

[9.-Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de cualificación da parcela nº 2 do Polígono de Sabón.](#)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

[10-Informe dos dereitos de imposible ou difícil recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.](#)

11.-Información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro de 2014.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE XANEIRO DE 2015

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 27 de xaneiro de 2015, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO	PP
-----------------------	----

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSE DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍEL PADIN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: ORDINARIA Nº 12/2014, DO 19 DE DECEMBRO E EXTRAORDINARIA, Nº 13/2014, DO 30 DE DECEMBRO.

Apróbanse as actas das sesións anteriores, ordinaria nº 12/2014, do 19 de decembro e extraordinaria nº 13/2014, do 30 de decembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA DA Nº 25.401 Á Nº 26.584 DO 2014 E DA Nº 1 Á Nº 750 DO 2015.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 25.401 á nº 26.584, do 2014 e da nº 1 á nº 750, do 2015.

3.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2015, 1ª FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2015, 1ª fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, con indicación da súa denominación e presuposto:

CÓDIGO	GRUPO-DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)
15.1100.0001.0	GRUPO 1A: ORTIGUEIRA	280.452,65
15.1100.0002.0	GRUPO 1B: CARIÑO	226.750,24
15.1100.0003.0	GRUPO 2: MAÑÓN E AS PONTES	374.783,39
15.1100.0004.0	GRUPO 3: CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	291.775,02
15.1100.0005.0	GRUPO 4: FERROL E NARÓN	332.487,62
15.1100.0006.0	GRUPO 5: MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	285.219,51
15.1100.0007.0	GRUPO 6: ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	114.030,06
15.1100.0008.0	GRUPO 7: CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	398.339,04
15.1100.0009.0	GRUPO 8: IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	296.162,53

15.1100.0010.0	GRUPO 9: OLEIROS E SADA	443.249,06
15.1100.0011.0	GRUPO 10: CAMBRE E CARRAL	339.955,11
15.1100.0012.0	GRUPO 11: ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS E PADERNE	497.688,98
15.1100.0013.0	GRUPO 12: ARANGA, COIRÓS, CURTIS E OZA-CESURAS	413.805,01
15.1100.0014.0	GRUPO 13: BOIMORTO, FRADES, MESIA, ORDES, OROSO E VILASANTAR	413.404,86
15.1100.0015.0	GRUPO 14: MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	202.904,79
15.1100.0016.0	GRUPO 15: ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO E TOURO	288.844,71
15.1100.0017.0	GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	450.353,65
15.1100.0018.0	GRUPO 17: CARBALLO, CERCEDA E A LARACHA	450.596,73
15.1100.0019.0	GRUPO 18: CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO E ZAS	450.212,08
15.1100.0020.0	GRUPO 19: CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	289.948,74
15.1100.0021.0	GRUPO 20; CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	201.471,87
15.1100.0022.0	GRUPO 21: AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	236.222,66
15.1100.0023.0	GRUPO 22: ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	276.399,77
15.1100.0024.0	GRUPO 23; MAZARICOS, MUROS E OUTES	344.236,49
15.1100.0025.0	GRUPO 24: BOIRO, LOUSAME E NOIA	294.063,36
15.1100.0026.0	GRUPO 25: BRIÓN, DODRO, PADRÓN E ROIS	263.115,60
15.1100.0027.0	GRUPO 26: AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	450.495,27
15.1100.0028.0	GRUPO 27: BOIRO E RIANXO	288.232,55
15.1100.0029.0	GRUPO 28: POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA	414.332,41
15.1100.0030.0	GRUPO 31: DP0701 SANTIAGO A PORTOMOURO	213.796,39
15.1100.0031.0	GRUPO 34: DP1914 CARBALLO A PORTOMOURO	270.385,17
15.1100.0032.0	GRUPO 35; DP2904 CORISTANCO A SANTA COMBA	215.321,27
15.1100.0033.0	GRUPO 36: DP3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	153.445,52
TOTAL		10.462.482,11

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/4531/61900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2015”.

4.-ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA O ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO SISTEMA DE AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO E CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS ANUAIS ASINADOS A CADA UNIDADE E TRABALLADOR. BASES E CRITERIOS DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE.

INTERVENCIONES

Sr. Requeira Varela

Nós, en coherencia co manifestado xa no Pleno do 27 de novembro imos manter a mesma intención de voto neste punto catro e no punto cinco, o voto negativo.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. O noso voto vai ser negativo. O sindicato CIG presentou unha alegación que di que o 24 de novembro de 2014 ás oito e media se celebrou unha reunión da Mesa de Negociación da Deputación na que se acordou un tema sobre o acordo sobre o sistema de avaliación do desempeño e cumprimento de obxectivos anuais asignados a cada unidade e traballador, bases e criterios do plus especial de produtividade e da que achegan acta dese acordo na alegación.

O mesmo día, unha hora máis tarde, celébrase a reunión da Comisión de Persoal e Réxime Interior onde se acordou o sistema de avaliación do desempeño aprobado o 27 de novembro.

O día 27 de novembro de 2014 ás doce horas celébrase unha reunión, celébrase o Pleno da Deputación, onde se inclúe entre os asuntos da orde do día este tema e apróbase cos votos do Partido Popular.

Di a alegación que tras cotexar o contido da acta da Mesa xeral de negociación de empregados públicos da Deputación da Coruña e o contido do acordo adoptado polo Pleno, podemos comprobar que a modificación acordada na citada Mesa non coincide, nin na forma, nin na finalidade, coa recollida no acordo do Pleno. Por unha parte está dicindo o sindicato CIG que houbo unha Mesa de contratación, acordouse unha cousa, e no Pleno da Deputación acordouse outra diferente, nós non sabemos se é así, pero é o que di na alegación a CIG. E o que agardábamos da Deputación é que na resposta a esta alegación se dixese é radicalmente falso e o que se acordou é o mesmo, ou efectivamente é certo, acordouse isto pero propuxemos ao Pleno outra cousa diferente. Non obstante rexéitase esta alegación dicindo que “...non cita precepto legal nin regulamentario ningún, nin tampouco aparece sinalado no escrito do texto que ao seu xuízo non coincide co acordado na Mesa de negociación”. Eu creo que nunha alegación deste tipo non hai que presentar ningún texto legal, se se aproba unha cousa e logo apróbase outra diferente, é suficiente. E rexéitase citando un artigo que está mal citado, o artigo 73 da Lei 30 de

1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo, dicindo que, fala da suspensión dos actos administrativos, o artigo 73 da Lei 30/1992 fala de acumulación de alegacións que se poden presentar e que se acumulen nun único procedemento, é dicir, está mal citado. E cita tamén o artigo 89.4 da mesma lei dicindo que carece de fundamento.

Eu sei, todos os que estamos aquí sabemos que a negociación é preceptiva co persoal, pero non é preceptivo o acordo, é obrigatorio convocar as mesas de persoal, pero non é obrigatorio chegar a ningún acordo, pero cando se chega a un acordo coa Xunta de Persoal hai que respectalo, eu non vou citar aquilo de “*pacta sunt servanda*”, que todos coñecemos, os acordos hai que cumprilos, sempre que sexan acordos que non sexan ilegais e que estean dentro do marco da lei. Polo tanto queremos que cando se adopta un acordo cos sindicatos ou co persoal hai que respectalo, e se non se respecta dicir por que non se respecta e por que se cambia.

Entón, non entendemos a resposta a esta alegación e en consecuencia non podemos votar favorablemente ao ditame que se nos propón para o noso voto favorable. Máis nada e moitas grazas.

Sr. de Santiago Boullón

Bos días, Sras. e Sres. deputados, moitas grazas Sr. presidente. Neste asunto que se debate hoxe hai dúas consideracións que eu quixera deixar claras, por un lado unha de carácter legal, que fronte a estes acordos plenarios non caben alegacións, senón que o marca a lei sería facer un recurso de reposición, que é o que non se fixo. Polo tanto, estas alegacións son legalmente inadmisibles, por iso non se tomaron en consideración. Pero é máis, e un pouco abundando no que comentaba agora o voceiro do Partido Socialista, si é certo que desde logo desde este goberno provincial e desde a área que eu teño ao meu cargo inténtase sempre chegar ao máximo nivel de acordo con todos os estamentos implicados, neste caso cos representantes dos traballadores. Cando se recibiu este escrito do sindicato Confederación Intersindical Galega, da CIG, a verdade é que dende a área de persoal non encontramos en ningún momento que diferenza había entre o acordado na Mesa de negociación e o acordo neste Pleno. Puxémonos en contacto persoalmente cos representantes da CIG e dixémoslles, dicídenos por favor en que punto vedes que non coinciden as resolucións, “non, non, xa o veredes”, dicídenos porque nosoutros non encontramos nada, “pois xa o veredes vós” e non nos aclararon en ningún momento que é o que había nesa diferenza, co cal entendemos que non hai diferenza ningunha ou que non hai ningún interese desde logo por parte deste sindicato de que se solucionara este problema.

Polo tanto, xa digo, por un lado non se ve cal é esa diferenza, non houbo tampouco vontade do alegante por aclarar esa diferenza e legalmente xa digo, cabería en todo caso un recurso de reposición que non se fixo neste caso. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e en contra do PSOE e do BNG, acorda:

“Visto o expediente 2014/41180, relativo ás alegacións formuladas pola Sección Sindical nesta Deputación da CIG, contra o acordo plenario do 27 de novembro de 2014, aprobatorio do Sistema de avaliación do desempeño e cumprimento dos obxectivos anuais asinados a cada unidade e traballador. Bases e criterios do complemento de produtividade, no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O Pleno da Corporación, na súa sesión do 27 de novembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación do Sistema de avaliación do desempeño e cumprimento dos obxectivos anuais asinados a cada unidade e traballador. Bases e criterios do complemento de produtividade.

I.2.- A Sección Sindical nesta Deputación da CIG, presenta un escrito de alegacións, solicitando a suspensión do acordo e *“A adopción das medidas necesarias para o mantemento das funcións vixentes para a relación de postos de traballo aprobada para o exercicio 2014”*, no primeiro deles, e *“A adopción das medidas necesarias para o mantemento do sistema de produtividade vixente até a data, tomando como referencia os importes e sistema de avaliación de produtividade vixentes para o derradeiro exercicio aboadado”*. Como fundamentación, unicamente aduce a eliminación que “tras cotexar o contido da acta da mesa xeral de negociación dos empregados públicos da Deputación da Coruña e o contido do acordo adoptado polo Pleno podemos comprobar que a modificación acordada na citada mesa non coincide nin na forma nin na finalidade recollida no acordo plenario”. Non cita precepto legal nin regulamentario ningún, nin tampouco aparece sinalado no escrito o texto que, ao seu xuízo, non coincide co acordado na mesa de negociación.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- De conformidade co disposto no artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unicamente procede a suspensión dos actos administrativos no caso de interposición de recurso administrativo e nos supostos sinalados especificamente no dito precepto. No caso presente, non se aduce polos reclamantes ningunha causa de suspensión.

II.2.- O artigo 89.4 da repetida Lei 30/1992, establece expresamente a “inadmisión” das solicitudes “manifestamente carentes de fundamento”. No caso presente, nin no

corpo do escrito presentado, nin na concreta petición se aduce ningunha fundamentación de ningún tipo.

Vistos os informes emitidos e de conformidade coa normativa legal citada:

Declarar a inadmisibilidade da alegación formulada pola Sección Sindical nesta Deputación da CIG, contra o acordo plenario do 27 de novembro de 2014, aprobatorio do Sistema de avaliación do desempeño e cumprimento dos obxectivos anuais asinados a cada unidade e traballador. Bases e criterios do complemento de produtividade, contra o que a reclamante como interesada poderá interpoñer dentro dos prazos legais os correspondentes recursos.

O presente acordo, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Pleno da Corporación, nos termos e prazos sinalados na Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

5.-ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA O ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2015.

INTERVENCIÓNS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, neste punto o noso voto vai ser negativo tamén. Son dúas alegacións do Sr. Argimiro Manuel Doce Rey, funcionario, Sr. Doce Rey, e da CIG, e aquí si, aquí cita o artigo 73 correctamente porque se acumulan as dúas alegacións nun único expediente, pero cremos que os que alegan teñen razón e que habería que aceptar a alegación.

Por unha parte a RPT do 2015 modifica o complemento específico de varios postos de traballo, é indubidable. Segundo, o artigo 4.2 do Real decreto 861/1986 do 25 de abril polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de administración local, di que o establecemento ou modificación do complemento específico esixirá con carácter previo que a Corporación efectúe unha valoración do posto de traballo na que se determinen as razóns ou motivos polas que se modifica o complemento específico de determinados postos. Terceiro, efectivamente, tal como expón o Sr. Doce Pérez, non se inclúe entre os documentos aprobados polo Pleno a valoración dos postos de traballo, tal como esixe o real decreto e está previsto que esta circunstancia se cumpra no futuro, é o que di o acordo. Isto é o que esixe a lei, e esta circunstancia é tamén posta de manifesto no informe do Servizo de Fiscalización e control financeiro que consta no expediente, ninguén pode alegar entón que non coñecemos o que está pasando.

Por outra parte estase incumprindo a lei a sabendas do que se está facendo, e isto, se vai a un xulgado na nosa opinión, caerá todo polo seu propio peso. O artigo 62.1 da Lei 30/1992 di, o artigo 62.2 di “Tamén serán nulos de pleno dereito as

disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior”, e este acordo está vulnerando unha disposición legal.

Cremos en consecuencia que esta reclamación tería que ser atendida favorablemente.

Existe tamén unha alegación da CIG que aínda que non é tan clara na exposición do tema como a do Sr. Doce Rey, incide na mesma cuestión. O noso voto, polo tanto, tal e como anunciei, será negativo. Saben que non votamos favorablemente ningún dos asuntos de persoal neste mandato corporativo por entender que é unha pura improvisación todas as modificacións que se están a facer en materia de persoal, que non mellora a xestión da Deputación, que xera amplos descontentos entre o persoal e que ademais é máis cara e introduce elementos de subxectividade, en resumo, que é totalmente innecesaria, e como colofón de todo isto faise, non só sen atender ao que establecen as normas legais vixentes, senón incumpríndoas de forma manifesta.

Desde logo calquera persoa, calquera avogado, calquera persoa que vaia a un avogado e lle diga o avogado que vai gañar o preito é un mal avogado, pero eu creo que se os dous recorrentes acoden a unha instancia xudicial, pódolle asegurar con bastante seguridade que o que aquí están formulando veríano perfectamente satisfeito nun recurso xudicial. Máis nada e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)

Votan en contra: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e en contra do PSOE e do BNG, acorda:

“Vistos os expedientes 2014/41052, 41181 e 41182, relativos ás alegacións formuladas polo funcionario don Argimiro Manuel Doce Pérez, e pola Sección Sindical nesta Deputación da CIG, contra o acordo plenario do 27 de novembro de 2014, aprobatorio da Relación de Postos de Traballo desta Deputación para 2015, no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O Pleno da Corporación, na súa sesión do 27 de novembro de 2014, adoptou entre outros o acordo de aprobación da Relación de Postos de Traballo 2015, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 240, do 16 de decembro de 2014.

I.2.- O funcionario de carreira desta Deputación, don Argimiro Manuel Doce Pérez, presenta un escrito de reclamación do 17 do devandito mes de decembro, no que solicita que *“no se lleve a efecto la aprobación definitiva de la Relación de Puestos de*

trabajo adjunta a los Presupuestos de la Diputación de A Coruña para 2015, aprobados inicialmente el 27 de Noviembre de 2014". Como fundamentación da reclamación, aduce unicamente que se modificaron as contías do complemento específico de varios postos, sen que se realizara previamente a súa avaliación.

I.3.- Igualmente, a Sección Sindical nesta Deputación da CIG, presenta dous escritos de alegacións contra o referido acordo, solicitando en ambos casos a suspensión do acordo e *"A adopción das medidas necesarias para o mantemento das funcións vixentes para a relación de postos de traballo aprobada para o exercicio 2014"*, no primeiro deles, e *"A adopción das medidas necesarias para o mantemento da relación de postos de traballo para o exercicio 2014"*, no segundo. Como fundamentación, unicamente aduce a eliminación de "factores salariais asinados a determinados postos de traballo", sen a súa avaliación, e que se aprobaron funcións básicas para postos tipo, afirmando que esa competencia corresponde ao estado. Non cita precepto legal nin regulamentario ningún.

I.4.- O acordo obxecto das reclamacións establece no seu antecedente I.13 *"coa finalidade de establecer un sistema obxectivo de produtividade por obxectivos e unha avaliación total do rendemento que potencie o alcance do maior grao na consecución dos obxectivos da organización, e para os efectos tamén de realizar a valoración e consecuente asignación de funcións a todos e cada un dos postos de traballo, establecer e aprobar na Relación de Postos de Traballo as funcións básicas dos postos tipo, deixando invariables, en principio, as dos postos concretos que, pola súa especificidade, foron sinaladas nos acordos plenarios aprobatorios da vixente para o ano 2014 (aprobación inicial na sesión do 22 de novembro de 2013, e definitiva na do 20 de decembro seguinte), nos seus apartados 8 (Área de Tesourería e Xestión de Tributos) e 9 (Fogar Infantil/Centro de Día de Menores, postos de Educador, Educador-Titor), así como, consecuentemente, deixar tamén sen efecto os factores asignados aos complementos específicos correspondentes (factores 1 ao 7, inclusive)".* E na parte dispositiva: *"establecer un sistema obxectivo de produtividade por obxectivos e unha avaliación total do rendemento que potencie o alcance do maior grao na consecución dos obxectivos da organización, e para os efectos tamén de realizar a valoración e consecuente asignación de funcións a todos e cada un dos postos de traballo, establecer e aprobar na Relación de Postos de Traballo as funcións básicas dos postos tipo... así como, consecuentemente, deixar tamén sen efecto os factores asignados aos complementos específicos correspondentes (factores 1 ao 7, inclusive)".*

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1.- De conformidade co disposto no artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procede a acumulación de todas as alegacións presentadas nun único procedemento.

II.2.- Segundo o disposto no artigo 111 da devandita Lei 30/1992, unicamente procede a suspensión dos actos administrativos no caso de interposición de recurso administrativo e nos supostos sinalados especificamente no dito precepto. No caso presente, os reclamantes non aducen ningunha causa de suspensión.

II.3.- O artigo 89.4 da repetida Lei 30/1992, establece expresamente a “inadmisión” das solicitudes “manifestamente carentes de fundamento”. No caso presente, nin no corpo dos escritos presentados, nin nas concretas peticións se aduce ningunha fundamentación de ningún tipo.

II.4.- A recente xurisprudencia (por todas, a STS do 25/02/2014, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª), establece claramente o carácter de acto administrativo das relacións de postos de traballo, polo que o acordo contra o que se formulan as alegacións e reclamación é definitivo na vía administrativa, podendo os interesados formular os recursos correspondentes, sen que exista unha “aprobación inicial”, nin fase de alegacións ningunha.

Vistos os informes emitidos e de conformidade coa normativa legal e a xurisprudencia citada:

Declarar a inadmisibilidade da reclamación e das alegacións formuladas respectivamente polo funcionario don Argimiro Manuel Doce Pérez e pola Sección Sindical nesta Deputación da CIG, contra o acordo plenario do 27 de novembro de 2014, aprobatorio da Relación de Postos de Traballo 2015 desta Deputación, contra o que os interesados poderán interpoñer dentro dos prazos legais os correspondentes recursos.

O presente acordo, que pon fin á vía administrativa, é susceptible de interposición de recurso potestativo de reposición perante o Pleno da Corporación, nos termos e prazos sinalados na Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou directamente de recurso contencioso-administrativo nos termos e prazos sinalados na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.”

6.-CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2015 DESTA DEPUTACIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto que na Relación de Postos de Traballo 2015 desta Deputación, aprobada polo acordo do 27 de novembro de 2014, e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 240, do 16 de decembro seguinte, aprécianse erros materiais, de conformidade co disposto no artigo 105.2 procede a súa modificación, polo que, se procede, que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Advertidos erros materiais na Relación de Postos de Traballo 2015 desta Deputación, aprobada polo acordo do 27 de novembro de 2014, acórdase a súa rectificación no seguinte sentido:

Onde di: “ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS... IES RAFAEL PUGA RAMÓN... Mozo/a de servizo axudante... F13 (*).- 9.026,36”, debe dicir: “ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS... IES RAFAEL PUGA RAMÓN... Mozo/a de servizo axudante... F13 (*).- 11.164,30”.

Onde di: “ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO... Técnico.- 26... Especial dedicación.- 26.548,62”, debe dicir: “ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO... Técnico.- 26... (suprímese o texto “especial dedicación”)... 14.779,22”.

Onde di: “ÁREA DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN... SERVIZO DE ORGANIZACIÓN... Técnico de prevención de riscos laborais.- 22.- A1.- A2... Ldo. Sup...”, debe dicir: “ÁREA DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN... SERVIZO DE ORGANIZACIÓN... Técnico de prevención de riscos laborais.- 22.- A2... Diplomatura universitaria...”

7.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE MODIFICA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º) Modificar a Resolución da Presidencia nº 18189 do 3 de outubro de 2013, pola que se modificou a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos e os procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, no sentido de substituír a Dª Patricia Rodríguez Franco por Dª Susana Vázquez Romero, xefa do Servizo de Contratación, de modo que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña, queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
PRESIDENTE	Deputado Provincial (Grupo Popular) D. Antonio Cañas Varela	Deputada Provincial (Grupo Popular) Mª Elvira Padín Fernández
VOGAIS	Secretario Xeral (con funcións de asesoramento xurídico) D. José Luis Almau Supervía	Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil
	Interventor Xeral D. José Manuel Pardellas Rivera	Interventor adxunto D. Juan Bautista Suárez Ramos
	Xefa do Servizo de Contratación Dª Susana Vázquez Romero	Xefa da Sección de Contratación Dª María José Lauda Pan
ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO	En representación del Grupo Socialista D. Jesús Salvador Fernández Moreda	Deputada Provincial Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
	En representación do Grupo Bloque Nacionalista Galego D. Xesús Manuel Soto Vivero	Deputada Provincial Dª Silvia Seixas Naia
SECRETARIA CON VOZ E SEN VOTO	Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil	Xefa do Servizo de Contratación Dª Susana Vázquez Romero

2º) Dar conta ao Pleno da Corporación e dispor a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 21.4 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.”

8.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE (CABANA DE BERGANTIÑOS) E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA AÑO 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para a atención de visitantes do Dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños) e actividades culturais complementarias de posta en valor do Dolmen de Dombate e a cultura megalítica ano 2015, así como os informes que constan no expediente:

1. Aprobar o texto do convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para a atención de visitantes ao Dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños) e actividades culturais complementarias de posta en valor do Dolmen de Dombate e a Cultura Megalítica 2015, coa achega provincial indicada na cláusula cuarta de 60.000,00 euros, con cargo á partida 0620/336B/22609 (actual 0620/3362/22609). Todo iso condicionado á aprobación definitiva do orzamento da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2015.

2.-Facultar o presidente para a execución do presente acordo

CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE (CABANA DE BERGANTIÑOS) E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA 2015

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña, de .

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña e doutro Don José Muiño Domínguez ALCALDE-PRESIDENTE do Concello de Cabana de Bergantiños

EXPOÑEN

1º.- A Deputación Provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do Dolmen de Dombate. En primeiro lugar adquiriu os terreos onde se sitúa o Dolmen e as leiras lindeiras e a continuación posibilitou a realización das correspondentes campañas de escavación, e realizou os estudos e actuacións necesarias para a súa adecuada conservación e en especial das súas pinturas, de extraordinario valor arqueolóxico.

Así mesmo construíu un edificio para a súa adecuada protección e outro para a súa musealización e recepción de visitantes, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do museo.

2.- O Concello de Cabana de Bergantiños leva colaborando coa Deputación Provincial da Coruña na xestión do Dolmen, un modelo novo de xestión do patrimonio cultural, no cal se interrelacionan os aspectos puramente materiais, como os edificios e as montaxes expositivas, O obxectivo último foi facer do espectador un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura megalítica como recurso e reclamo turístico.

3.- O Concello de Cabana de Bergantiños quere intensificar a súa colaboración coa Deputación na xestión do Dolmen de Dombate.

4.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto megalítico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de CABANA DE BERGANTIÑOS, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE, para o ano 2015

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.

A xestión do servizo de atención de visitantes implicará as seguintes obrigacións por parte do Concello de Cabana de Bergantiños:

Metodoloxía do servizo de atención a visitantes.

2.1. TAREFAS XERAIS

- Facilitar a visita ao recinto patrimonial prestando os servizos de guía-monitor.
- Control do tránsito, tanto no recinto como nos dous edificios priorizando sobre todo a protección de monumento
- Visitas guiadas cada 30 minutos (complementadas co visionado dun documental no centro de recepción e a visita á exposición).
- Coordinación co persoal de seguridade para formar grupos nas visitas guiadas.
- Controlar a utilización de cámaras ou equipos audiovisuais sen flash.
- Responder e aclarar as preguntas e dúbidas dos visitantes.
- Facilitar a información turística e cultural (ao comezo e fin de cada visita guiada).
- Elaboración dunha estatística de visitas do centro cun libro de control.
- O persoal adscrito deberá atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.

2.2. OUTRAS TAREFAS ESPECÍFICAS

2.2.1. Conservación e mantemento: o Concello de Cabana de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación, tanto o inmovible como os bens incluídos nel, non podendo realizar obras no inmovible.

2.2.2. Dinamización do centro, dentro das actividades do propio museo.

2.2.3. Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións culturais da zona.

2.2.4. A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura da zona.

2.2.5. Promover actividades culturais: conferencias, gastronomía da zona, actividades agrarias, etc, en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

2.2.6. Establecemento de sistemas de relacións con outros centros e museos.

2.2.7. O Concello de Cabana de Bergantiños asume a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

2.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS QUE SE HAN REALIZAR:

2.3.1. VISITAS GUIADAS NOCTURNAS. Venres noite (23.00 a 24.00 horas)

- Como o edificio do pavillón do Dolmen conta con iluminación interior e graduable para poder crear distintos ambientes, considérase necesario comezar con visitas nocturnas a Dombate como actividade nova e de goce das noites do verán..

- As visitas serán levadas a cabo polo Servizo de Atención a Visitantes, terán 1 hora de duración (de 23.00 a 24.00 horas) e centraranse nos venres.

XULLO: días 3, 10, 17, 24 e 31

AGOSTO: días 7, 14, 21, 28

- A visita inaugural (3 de xullo) será unha visita especial con invitación aos medios e personalidades.

2.3.2. CAMPAÑA DE VISITAS ESCOLARES

- Todos os venres de xaneiro, febreiro, marzo, outubro, novembro, decembro. Os meses de abril, maio e xuño tamén haberá visitas os xoves.

- Contacto con todo os centros de ensino da provincia.

- Con visita guiada a Dombate, visionado de documentais e lectura de textos sobre Dombate por parte do alumnado.

2.3.3. COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES.

- Deseño e programación das actividades.

- Contacto e negociación coas empresas e profesionais participantes.

2.3.4 MÚSICA E ESCENIFICACIÓNS TEATRAIS

Estas actividades levaranse a cabo sobre todo en tempada baixa, aproveitando a acústica do centro arqueolóxico e a protección contra as inclemencias do tempo.

2.3.5. TALLERES ARTESANAIS DIVERSOS

- Delimitación dun espazo que funcione como “aula de talleres” no Centro de Recepción de Visitantes.

- Os talleres e outras actividades tamén se poden desenvolver no exterior dos edificios sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

- Empregar o mobiliario dispoñible no centro e complementalo co dispoñible no concello.

2.3.6. ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E FORMATIVAS

- Convidar a científicos, arqueólogos, biólogos... para que acheguen máis información sobre o dolmen de Dombate e o seu tempo.
- Aproveitar a pantalla e o auditorio do centro de recepción para charlas e presentación de libros.

2.3.7. EVENTOS DEPORTIVOS

- Organizar competicións deportivas que leven por nome o Dolmen de Dombate.
- Procurar que se poidan desenvolver na contorna ou preto do Centro Arqueolóxico.

2.3.8. CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE DE TODAS AS ACTIVIDADES

- Campaña de difusión na prensa escrita, radio, redes sociais, para que o maior número de xente posible poida achegarse a Dombate.
- Durante as actividades manterase un diálogo constante con todos os interesados a través das redes sociais para compartir información ou responder a preguntas en tempo real

TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSOAL E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberaas prestar profesional cualificado, ben persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto de contratos do sector público. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato, baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá a creación de ningunha relación laboral coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

TEMPADA BAIXA (xaneiro, febreiro, marzo, outubro, novembro, decembro):

Centrar a atención a visitantes nas fins de semana e reservar os venres para que os colexios poidan gozar das visitas guiadas.

En tempada baixa a xornada será de seis horas, tendo en conta o horario escolar e o cambio de horario no outono e inverno: Venres, sábado e domingo (6 horas/ día)

Mañás: 10.30 h. a 14.00 h. Tardes: 15.30 h. a 18.00 h.

TEMPADA EXCURSIÓNS DE PRIMAVERA (abril, maio e xuño)

Mañás: 11.00 h. a 14.00 h.-Tardes: 16.00 h. a 20.00 h.

Debido á maior concentración de grupos nestes días e ao cambio horario, ampliamos os días de visitas guiadas semanais a xoves e venres. De xoves a domingo (7 horas/ día)

TEMPADA ALTA (Semana Santa, xullo, agosto e setembro):

Mañás: 11.00 h. a 14.00 h.-Tardes: 16.00 h. a 20.00 h.

Xullo, agosto e setembro. De luns a domingo (7 horas/ día)

Semana Santa (do 28 de marzo ao 5 de abril)

Para concentrar o máximo posible de grupos escolares nos días reservados porase ao dispor dos centros un teléfono de atención a visitantes con cita previa, de luns a

venres, en horario de 09.00 a 14.00 horas: *Teléfono de atención a visitantes (cita previa): 981 75 40 20*

Tamén se poderá reservar cita por escrito cun formulario de inscrición a través do fax nº 981 754 229 ou a través de correo electrónico no Departamento de Cultura, Educación e Turismo: cultura.concello@gmail.com

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña aboaralle ao Concello de CABANA DE BERGANTIÑOS a cantidade de 60.000 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3362/22609

QUINTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación provincial aboaralle ao Concello de Cabana de Bergantiños a achega correspondente da seguinte maneira conforme co seguinte detalle:

MES	Visitas guiadas	Visitas escolares e nocturnas	Coordinación actividades	Música teatro	Talleres	Actividades de divulgación, formativas	Eventos deportivos	Campañas publicitarias
XAN	834,84 (54 h)	463,8 (30 h)				6050		
FEB	742,08 (48 h)	371,04 (24 h)						
MAR	1082,2 (70 h)	371,04 (24 h)	1800	350				1000
ABR	1190,42 (77 h)	757,54 (49 h)			3400			
MAI	1082,2 (70 h)	973,98 (63 h)					1500	
XUN	865,76 (56 h)	865,76 (56 h)	1800	450				1000
XUL	3354,82 (217 h)	77,3 (5 h)						
AGO	3354,82 (217 h)	61,84 (4 h)		1200	800			
SET	3246,6 (210 h)		1800				7336,32	1000
OUT	834,84 (54 h)	463,8 (30 h)						
NOV	834,84 (54 h)	371,04 (24 h)		1500				
DEC	742,08 (48 h)	371,04 (24 h)	1800			2900		1000
TOTAL								60.000 €

Efectuaranse mediante pagos trimestrais por períodos vencidos, polo importe correspondente ao respectivo trimestre, de acordo co cadro indicado na presente cláusula. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Sr. Secretario co Vº e pr. do Alcalde-Presidente do Concello de CABANA DE BERGANTIÑOS

Acompañarase, ademais, de memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de CABANA deberá presentar a certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de Seguridade Social. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación Provincial da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar a certificación dos ingresos producidos polas achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O importe da achega da Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación Provincial da Coruña e, en consecuencia, poderá realizar nel as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deu lugar a súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde o 01 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015.

Non obstante, a xustificación de actividades do último trimestre poderá presentarse ata o 31 de marzo de 2016, polo que se poderá prorrogar o devandito prazo de xustificación por causas debidamente xustificadas.

DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día de de dous mil .

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CABANA DE
BERGANTIÑOS

DIEGO CALVO POUSO

JOSÉ MUIÑO DOMÍNGUEZ

9.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DA PARCELA Nº 2 DO POLÍGONO DE SABÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación inicial do expediente de desafectación da parcela nº2 do Polígono de Sabón, así como os informes que constan no expediente:

1. Aprobar inicialmente o expediente de desafectación da parcela número 2 do Polígono de Sabón, que pasará a cualificarse como patrimonial para o seu posterior alleamento, mediante poxa.
2. Expor ao público o expediente de aprobación inicial da desafectación, mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia, cun prazo dun mes para os efectos de que se poidan presentar as reclamacións ou alegacións que se estimen oportunas.
3. Transcorrido o prazo de exposición pública, someterase á aprobación definitiva do Pleno.”

10-INFORME DOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN DOS RECURSOS PROPIOS, SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO 193 BIS DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Dar conta do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.”

11.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de decembro de 2014

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.”

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.